



Hoxe, na Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo, presidido polo Vicerreitor de Cultura da USC, Prof. Elías Torres e do Decano da Facultade de Farmacia Prof. Miñones Trillo, deuse a coñecer o fallo do Xurado do Certame de Debuxo e Pintura que con motivo do 150 Aniversario da creación da Facultade de Farmacia convocou a Comisión organizadora de tales actos co patrocinio de Alcaliber, S. A.

A dito Certame concorriron 42 cadros de diferentes estilos e formatos e de temáticas diversas, procedentes de diversas bisbarras de Galicia.

Ditos cadros foron expostos primeiro, dende o 7 ao 23 na Sala de exposicións do Hotel Aragüaney de Santiago de Compostela e logo ata maña na Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo..